

A PIEDADE POPULAR AO SANTO CRISTO DE GOIÁN (SARRIA)

AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

Artigo dedicado a D. José Somoza Díaz, párroco da freguesía de San Miguel de Goián (Sarria).

I. TRAZOS XEOGRÁFICOS DE GOIÁN ¹


COORDENADAS U.T.M. X= 624.854. Y= 4.741.638.

San Miguel de Goián é unha parroquia do municipio de Sarria, arciprestado de Sarria e diócese de Lugo. Linda polo Norte coa parroquia de Santiago de Saá (O Páramo); polo Sur coas parroquias de San Miguel de Vilapedre, Santa María de Belante, San Xulián de Meixente e Santa María de Ortoá, pertencentes ao municipio de Sarria; polo Leste coas comunidades parroquiais de San Xulián de Frades e San Fiz de Vilapedre, ámbas as dúas do municipio de Sarria, e coas de Santiago de Saá e San Martiño de Torre, que forman parte do municipio de O Páramo; finalmente, polo W., coa parroquia de Santa María de Belante (Sarria). Esta freguesía, que vei diminuída neste século a súa poboación, posúe 77 habitantes no ano 2017², que están distribuídos nas entidades de poboación de Cabezas, Escarlán, Airexe, A Lama, Outeiro, Serra, Vilalence e o Peteiro. O termo está regado polo río de A Lama e as súas principais altitudes se encontran nos montes de a Serra do Páramo, que acada unha cota de 860 metros. Nesta comunidade parroquial hai dúas capelas adicadas a San Marcos e a Virxe do Pilar; ao pé da primeira atópanse dous sartegos antropoides, cavados na roca³.

¹ FIGUEROA PAZ, Antonio V.: Experto en Sistemas de Información Xeográfica (SIX).

² Segundo o I.G.E. do ano 2017.

³ AMOR MEILÁN, Manuel.: “Provincia de Lugo”, *en la Geografía General del reino de Galicia*. Dirigida por F. Carreras y Candi. Editorial Alberto Martín. Barcelona.



II. ALGÚNS TRAZOS SOBRE A NOCIÓN DE PIEDADE POPULAR.

Para o teólogo **Luís Maldonado** a piedade popular que él prefere darlle o nome de “catolicismo popular” “relixiosidade popular” é a síntese dun cristianismo establecido nas poboacións rurais de Europa logo de introducirse nas súas creencias, é dicir, na súa relixiosidade telúrica e no seu estilo de vida agrocultural⁴. Este concepto está moi ligado coa visión estática a que fai alusión **Michel Vovelle**⁵. Pola súa banda, **Pedro Castón Boyer** prefere falar de “relixiosidade tradicional” para diferenciarla dunha “relixiosidade oficialista”. A primeira estaría reflectida en todos aqueles comportamentos religiosos, que integran a cultura dun pobo e, polo tanto, vencellados

⁴ MALDONADO, Luís.: “Dimensiones y tipos de la religiosidad popular”, en *Concilium (Rev. Internacional de Teología)*, 206, 1986, páxs.9-18.

⁵ VOVELLE, Michel.: “La religión popular”, en *Ideologías y mentalidades*. Barcelona: Ariel, 1985, pp.125-131.

“Esta visión, propia dos folkloristas estaría relacionada cun conxunto de supervivencias pagás, de supersticións e xestos máxicos, con trazos de sincretismo cristián”.

co seu universo simbólico⁶. En contraposición coa visión anterior, ésta estaría máis relacionada cunha concepción dinámica⁷.

O antropólogo **W.A. Christian** evita o uso da expresión “relixión popular” xa que o termo “popular” rematou por connotar o sentido de rural por oposición a urbano; primitivo por oposición a civilizado; tradicional por oposición a moderno... Isto motiva que sexa partidario de falar de relixiosidade local, xa que os costumes relixiosos coas súas semellanzas e diferencias teñen en común á vinculación a un lugar concreto e aun orixe histórico⁸. Así mesmo o historiador **Andrés Gallego** non utiliza a expresión relixión popular senón que fai mención aun refacer a vivencia relixiosa na historia, é dicir ás formas de vivir a relixión⁹. Finalmente os antropólogos **Gurutze Arregui e Ander Manterola** manifestan que a relixiosidade popular é unha das manifestacións da cultura dunha comunidade, que ten como ámbito de estudio o conxunto de crenzas e rituais froito da actividade simbólica dun grupo humano e que o propio grupo humano caracterizou como sagrados e relixiosos¹⁰.

A relixiosidade de cada pobo, como todo fenómeno vivo, ten os seus trazos especiais. Cada comunidade vive e manifesta a fe dun xeito propio. Unha relixiosidade é popular cando se configura con ese pobo e manifesta o seu sentir. É parte da cultura, dun modo de pensar e de vivir. Para comprendela cómpre ter en conta o pasado; o que na actualidade lle rodea; os trazos do lugar; o estilo das persoas; como viviron o cristianismo; que é o que herdaron dos séculos pasados; que é o que cada unha das xeracións recibiu e aportou. Polo tanto, é popular o que o pobo crea mais tamén o que recibe, asimila e fai propio. Unha das manifestacións da relixiosidade popular radica nos santuarios.

O santuario é un espacio de culto representado por unha ermida, capela ou igrexa parroquial. A él van devotos da propia parroquia, na que se empraza o recinto sacro e, tamén, doutras comunidades máis ou menos lonxanas segundo o grao de influencia que

⁶ CASTÓN BOYER, Pedro.: “La religiosidad tradicional en Andalucía. Una aproximación sociológica”, en CASTÓN BOYER y otros, **La religión en Andalucía. Aproximación a la religiosidad popular**. Sevilla: Edt. Andaluzes Unidos, 1985, p. 101.

⁷ VOVELLE, Michel.: “La religión popular”, en Ideologías y mentalidades. Barcelona: Ariel, 1985, pp.125-131.

“Esta acepción estaría vinculada a unha relación dialéctica entre religión oficial y popular...”

⁸ CHRISTIAN JR, William A.: **Religiosidad local en la España de Felipe II**, Madrid: Nerea, 1991, pax. 11.

⁹ GALLEGO, Andrés.: “Práctica religiosa y mentalidad popular en la España Contemporánea”, en **Hispania Sacra**, 46, 1994, páx. 331.

¹⁰ ARREGUI, Gurutze e MANTEROLA, Ander.: “Religiosidad popular”, en Aguirre, Ángel (dir.). **Diccionario temático de Antropología**. Barcelona: Boixaneu, 1993, páx.532.

exerza o lugar sacro. «*El Santuario es un lugar de culto que atrae romeros en ámbito superior al local*»¹¹. Cando os romeiros non pertencen á parroquia o máis habitual é que veñan o día ou días propios da festividade da entidade sacra, simbolizada por algunha advocación de Cristo; de María; ou dalgún santo-a. «*El santuario es un templo en el que se venera la imagen o una reliquia de la Divinidad, de la Virgen o de un santo de especial devoción*»¹². Éstes adoitan acudir ben dun xeito individual ou colectivo para suplicar á divindade a súa mediación ante unha serie de rogativas de índole material (sandar, obter boas colleitas, rogo polos recen nados...) e, algunhas -ás menos- de carácter espiritual; tamén veñen para cumprir coas promesas ofrecidas, logo de que a entidade sacra lles outorgase as peticións requiridas. «*Los santuarios son percibidos como espacios sagrados, de los cuales irradia la salud material o espiritual, y a los que se acude de forma individual o colectiva*»¹³.

III. TRAZOS ARTÍSTICOS DO SANTUARIO.

O santuario, que funciona tamén como igrexa parroquial, está situado no Noroeste do concello de Sarria nun lugar nomeado Airexe. Trátase dunha construción de amplas proporcións, que amosa claras desigualdades debido as reformas levadas a cabo dende os seus inicios¹⁴. Este templo foi construído en sillería de granito. Posúe unha fachada principal, que amosa unha liña neoclásica e volutas barrocas, e que está provista de tres portas: dúas de acceso ás dúas naves; e outra, máis pequena, situada no centro que conduce á torre, que foi construída entre os anos 1822 e 1855¹⁵. Ésta componse de dous corpos con catro vans cadanseu, dúas campás¹⁶; e remata nunca cúpula. Ademais en ámbos os dous flancos da fachada hai uns remates de granito construídos no ano 1958¹⁷. Así mesmo na cabeceira do templo hai unha sancristía de estrutura pentagonal, que foi construída polos veciños de Goián no ano 1946¹⁸. No seu lado posterior hai un muro,

¹¹ CEBRIÁN FRANCO, Juan José.: *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago de Compostela)*, Santiago, 1982, pág.6.

¹² MARÍÑO FERRO, Xosé Ramón.: *Las Romerías / Peregrinaciones y sus símbolos*. Vigo: Ed. Xerais, 1987, pág. 13.

¹³ PRAT I CARÓS, Joan.: “Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía”, *en la Religiosidad Popular. III. Hermandades. Romerías. Santuarios*. Anthropos, Barcelona, 1989, pág. 227.

¹⁴ VALIÑA SAMPEDRO, Elías.: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. T. III. Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes, Archivos y Bibliotecas, Madrid, 1980, páxs. 206-207.

¹⁵ DELGADO, Jaime.: *Santuario del Santo Cristo de Goián (Sarria) (Lugo)*, Vigo: Fama. Folleto

¹⁶ A campá grande estaba rota e refundiuse no ano 1960 por Talleres Branco de Ribas Altas (Monforte). Información proporcionada polo párroco D. José Somoza Díaz.

¹⁷ Información proporcionada polo párroco D. José Somoza Díaz.

¹⁸ “ “ “ “ “ “ “ “

que separa o adro do exterior, e que contén enriba un Vía crucis novo, construído no ano 2001 por Talleres Vilaro¹⁹. Ao adro desta igrexa accédese por unha porta de ferro forxada, sustentada por dous piares de sillería de granito.

Por outra banda, neste santuario é mester distinguir na súa construción tres etapas²⁰:

1. A primeira corresponde ao período da Alta Idade Media e máis concretamente a comezos do século IX. Dous motivos avalan esta afirmación:

Por unha banda, a igrexa parroquial tivo como patrón a San Miguel, cuxa devoción e moi antiga, constatándose xa no século VI (d.d.C.). De feito, a súa festividade o día 29 de setembro se manifesta nos Sacramentarios de finais do século VI ou comezos do VII²¹. Isto nos leva a establecer a hipótese de que o seu culto espallouse por estas terras durante o século VII.

O segundo motivo está relacionado coa existencia nesta igrexa dunha pía baptismal, de estilo visigótico, que posúe un pé ou soporte. O exterior da pía presenta unha ornamentación vexetal, de diferente tamaño, que vai disposta en dúas ordes. Pola contra, o pé ou soporte amosa unha decoración de estrías oblicuas tamén colocadas en dúas ordes.

2. A segunda etapa é de estilo románico, moi adiantado, que podemos situar a comezos do século XIII²². Isto está reflectido en ámbas as dúas semicolumnas existentes na nave Sur, que actúan de sostén do arco triunfal e que amosan unhas bases molduradas por riba duns plintos, ornados con pequenos arcos; tamén mostran uns capiteis, ornamentados de diferente xeito: o dereito, con follas que rematan en bolas; e o esquerdo cuns tallos estilizados con pequenas follas nos seus lados e rematados nunha roseta

3. A terceira etapa é de estilo neoclásico, substituíndo á románica debido ao probable deterioro do anterior templo, que obrigou a crear un pequeno espazo no muro Sur da nave, que recibiu o nome de “Capela do Santo Cristo”. Esta nave vaise a cubrir cunha bóveda de canón sustentada por arcos fajones.

Así mesmo o apoxeo do santuario foi tan relevante, que a mediados do século XIX construíuse unha segunda nave bastante ampla. Ésta comunicouse coa orixinaria por medio de espaciaosas arcadas, apoiadas en piares de cantería.

Por outra banda, cómpre sinalar no interior do templo dous retábulos neoclásicos:

¹⁹ Do antigo Vía crucis so se conservan tres cruces: dúas situadas enriba do muro e unha por riba da fonte.

²⁰ DELGADO, Jaime.: *Ob. cit.*

²¹ RIVAS BANDE, José Manuel.: “O Cristo de Goián”, en www.santocristodegoian.com

²² DELGADO, Jaime.: *Ob. cit.*

1º. O maior ocupa toda a cabeceira da nave. Foi contratado a Jerónimo López de San Pedro de Cerceda no ano 1867 e, logo, ao ano seguinte axustouse a pintura a Marcos Fernandez de San Pedro de Ribasaltas²³. Está composto de dúas partes:

1.1. Un corpo central de tres compartimentos, provistos de columnas de mármore cun capitel corintio. No compartimento central manifestanse as esculturas de Cristo na cruz e aos seus flancos a Virxe das Dores e San Xohán. O Cristo do Víacrucis foi mercado no ano 1827 por 731 reais²⁴.

1.2. Un ático, dotado na súa porción central de catro columnas de mármore cun capitel corintio. No medio delas amósase nunha fornela a escultura de San Miguel pisando a un dragón.

2º. O rétabulo da “Capela do Santo Cristo”, que contén as seguintes imaxes: a da Virxe dos Ollos Grande, do século XVIII; a de San Sebastián, do XIX; e a da Virxe co Neno, do XVI.

IV. A CONFRARÍA DO SANTO CRISTO DE GOIÁN (SARRIA).

As confrarías son agrupacións voluntarias formadas por laicos, que teñen como finalidade fomentar o culto de determinadas entidades sacras. Reciben o seu nome dos misterios da relixión cristiá, das festas do Señor, da Virxe e dos santos. ***“Las cofradías son asociaciones voluntarias de carácter laico, cuyos fines están relacionados formalmente con el culto a determinadas imágenes o advocaciones”***²⁵. ***“La cofradía es la mediación fundamental para la animación y cristalización de las grandes devociones populares”***²⁶.

Teñen un obxectivo relixioso-católico e dependen da autoridade eclesiástica. ***“...son asociaciones cuyos fines son formalmente religiosos, estando sujetos, por ello, a la jurisdicción eclesiástica y a la autoridad de la jerarquía católica”***²⁷. Na confraría levanse a cabo relacións de convivencia, sociabilidade, intercambio e reciprocidade. ***“La cofradía es el núcleo focalizador de toda una vida y un dinamismo***

²³ RIVAS BANDE, José Manuel. *Ob. cit.*,

²⁴ VILLARABID, Víctor.: “O Santo Cristo de Goián”, no Diario ***“El Progreso”***, de 25-8-1983.

²⁵ ESCALERA REYES, Javier.: “Hermandades, religión popular y poder en Andalucía”, en ***La religiosidad popular. III. Hermandades, romerías y santuarios***, C. Álvarez Santaló, María Xesús uxo, y S. Rodríguez Becerra (coords.), Anthropos, Barcelona, 1989, páx. 459.

²⁶ MALDONADO, Luís.: “Para comprender el catolicismo popular”, en ***Cofradías y Hermandades***. Ed. Verbo Divino, Estella (Navarra), 1990, páx. 87.

²⁷ ESCALERA REYES, Javier.: *Ob. cit.*, páx. 460.

comunitario”²⁸. A confraría pode chegar a representar o nivel de identificación e integración de toda a comunidade. Nese caso a festa principal simbolizará o conxunto da comunidade fronte ao mundo exterior. **“Cada fiesta es la expresión de identidad de la comunidad y tambien de su unidad”**²⁹.

En Galicia as confrarías son abertas e verticais. Son abertas, xa que a persoa que o desexe pode formar parte delas, sempre que cumpra cos estatutos da asociación. Son verticais, xa que integran a persoas pertencentes a diferentes capas sociais.

Normalmente unha persoa pertence a unha confraría ben pola tradición familiar, pola amizade con algún membro dela, pola residencia, pola cera dos enterros etc. Polo tanto, era moi normal que houbera fieis, que pertencesen a varias confrarías, aínda que non estivesen situadas no seu medio de habitat.

A irmandade, que imos analizar, foi fundada canónicamente no ano 1726, sendo crego párroco de San Miguel de Goián D. Antonio Armesto Rivadeneira. Dende os seus inicios estivo administrada por un mordomo, que facía cumprir os estatutos de fundación da confraría³⁰. Este tiña que pertencer á freguesía e posuír boa conducta e rectitude. Era elixido polos irmáns devotos da susodita confraría e polo párroco, que se encargaba ademais de comprobar todos os anos a contabilidade da irmandade. O mordomo recadaba todos os anos a contribución económica dos confrades, consistente en 24 maravedís ou cinco cuartos³¹. O número de confrades foi oscilando ao longo do

²⁸ MALDONADO, Luís.: **Ob. cit.**, páx. 87.

²⁹ PITT RIVERS, Julián.: “L’identité locale vue á travers la fiesta”, en **Coloquio Hispano-Francés. Culturas Populares. Diferencia. Divergencias. Conflictos**. Universidad Complutense. Madrid, 1986, páx. 13.

³⁰ Entre algúns destes mordomos, que exerceron a súa actividade no século XVIII, facemos alusión aos seguintes: Domingo Díaz (1742). Martino de Paz (1743). Juan López del Hospital (1744). Pascual López do Barro (1751). Carlos Vázquez (1755). Domingo de Serra (1760). Pedro Vázquez (1765). Benito Ares (1768). Luís Gómez (1772). Jacobo Pérez (1775). Caetano Paz (1779). Lucas López (1783). Antonio López (1788). Luís López (1793). Diego Vázquez (1797).

³¹ Esta contribución non sufriu ningunha variación durante o século XVIII. O marabedi, que na súa orixe foi unha moeda de ouro na época de Alfonso VIII (séculos XII-XIII) serviu logo de base para as moedas de cobre, usándose como unidade de conta ata o século XIX. En prata, había unha pequena moeda chamada “realillo” cun valor medio de 34 marabedis. Un real era unha moeda de prata duns tres gramos, ao que nomeaban “media peseta”, e equivalía a 68 marabedis. Logo viña a peseta, que era a moeda principal, tamén chamada “real de a dous”, duns 5,75 grs. de prata. O “medio duro” ou “real de a catro”, equivalía a dúas pesetas. Co rei Xosé Bonaparte introduciuse en España unha moeda de prata, denominada “real de vellón”. Así, unha peseta pasou a conter catro reais de vellón. Cos anos suprimíuse a palabra “vellón” e quedouse unha peseta= 4 reais. Logo, creouse unha nova moeda de prata, chamada “duro forte” que equivalía a 5 ptas, quedandonos paseniño co nome de “duro” sen máis.

Información sacada da web. www.arriondas.com Rozada Martínez, José.- Del maravedí al euro. Desde Felipe V hasta Felipe VI.

século XVIII mais sempre superando a centena³². Ademais, o administrador encargábase de planificar os oficios relixiosos da irmandade, e de aportar a cera aos confrades cando finaban³³. Con respecto aos oficios relixiosos, o mordomo coordinaba o labor dos tres capeláns da irmandade, que tiñan como misión encargarse da confesións dos irmáns confrades e de concelebrar a misa nos seguintes días do ano: o primeiro día de Xaneiro; o día da Pascoa de Resurrección; e o domingo seguinte á Transfiguración do Señor. Por esta tarefa os capeláns percibían cadanseu tres reais por día. Co paso dos anos, aínda que nos Estatutos da confraría non está reflectido, celebrouse tamén na primeira dominica de setembro a conmemoración do Santo Cristo con varias funcións relixiosas. **“Ano 1742. Data. 31 rs., misas de las eclesiásticas funciones del Santo Cristo, más 35 rs., y 32 mrs., a los curas en las funciones del año”**³⁴. **“Ano 1794. Data. 44 rs., de tres misas cantadas y la asistencia de seis sacerdotes el día de la función de los cofrades”**³⁵. Na misa concelebrada adoitaban participar un número variable de cregos, dende cinco a sete³⁶. Por outra banda, a irmandade no século XVIII sempre tivo remanente³⁷. Malia iso a súa contabilidade era supervisada nos seus comezos polo párroco da freguesía; logo, esta función levouna a cabo o bispo da diócese o un visitador pastoral, enviado pola diócese, que cobraba pola súa tarefa tres reais. **“Ano 1746. El día 3 de septiembre, el ilmo. obispo aprueba las cuentas anteriores y da comisión al cura para que ajuste las futuras, cobre sus alcances, procurando en todo momento aumento de culto y decencia...”**³⁸.

A partir de finais da segunda década do século XIX fíxose operativo un libro de esmola alusivo á devoción ao Santo Cristo de Goián. Nel está reflectida a esmola, que recibiu o Santuario durante os séculos XIX –dende o ano 1818- e XX– ata o ano 1984, das festividades do Santo Cristo e do San Miguel, patrón da freguesía; tamén faise mención, neste libro de esmola, aos demandantes parciais da mesma, e aos depositarios da totalidade; así mesmo, faise alusión aos investimentos levados a cabo en ambos os

³² Así, no ano 1742: 183 confrades. Ano 1744: 186 confrades. Ano 1753: 153 confrades. Ano 1760: 139 confrades. Ano 1772: 129 confrades. Ano 1775: 119 confrades. Ano 1785: 137 confrades. Ano 1796: 127 confrades...

³³ Segundo os estatutos da confraría, o mordomo entregaba 24 cirios nas honras fúnebres. Non embargantes, co transcurso dos anos o número reduciuse a 12 cirios ou fachas (Ano 1784).

³⁴ Cofradía del Santo Cristo de Goyán, 1730-1985. Arquivo parroquial, páx. 11.

³⁵ Cofradía. **Ob. cit.**, páx. 45.

³⁶ Algúns exemplos. Anos 1792, 1798: 5 cregos. Anos 1794, 1797: 6 cregos. Ano 1795: 7 cregos.

³⁷ No ano 1742: 299 rs e 1 mrv. No ano 1779: 806 rs. No ano 1785: 1145 rs. No ano 1793: 1753,28 rs., e mrs.

³⁸ Cofradía. **Ob. cit.**, páx. 14.

dous séculos polo párroco da freguesía en conformidade cos veciños da mesma. Éstes foron investindo ao longo dos anos tanto en vestimentas e obxectos de índole relixiosa como en arranxos e obras de carácter interno e externo ao recinto sacro.

Con respecto á esmola, os devotos inicialmente aportaban unha doazón en metálico tanto na festividade do Santo Cristo como na do San Miguel, patrón da freguesía, sendo máis cuantiosa a do Santo Cristo. Ésta adoitaba realizarse no intre de “poñer o santo”.

“1879. Se sacaron en “Poñer el Santo” en dinero, 425 rs”³⁹. “1880. Por “Poner el Santo”, 396 rs”⁴⁰. Tamén había fieis que no resto do ano, preferentemente os días festivos, introducían unha ofrenda en metálico nunha caixa de esmola ou peto. **“1885. Caja anual, 28 rs”⁴¹.** A partir do ano 1832 os devotos comezaron a contribuír tamén na festividade do Santo Cristo con doazóns en especie, baseadas nalgúns cereais como o liño e o centeo. Ésta introducíase nunha arca que posuía a irmandade para tal fin. **“1832. 260 rs., limosna del Santo Cristo. 240 rs., que se verificaron en limosna de lino, grano”⁴².** A partir do ano 1870 empezouse a especificar a esmola en especie. **“1870. Algunhas estrigas de lino y seis ferrados de centeo...”⁴³.** No ano 1893 comezouse a precisar en pesetas e reais toda a esmola, tanto a de especie como a de metálico. **“1893. 680 rs., o sea 170 ptas, que se recaudan en especie y metálico el día propio de la afluencia de los devotos”⁴⁴.** Anos despois únicamente en pesetas. A doazón en especie perdurou ata comezos dos anos corenta do século pasado. Durante moitos anos usouse unha romana para pesar a ofrenda en especie, que aportaban os devotos. Ésta mercouna o párroco no ano 1841 por 120 rs. Por outra banda, a esmola era recollida inicialmente por uns demandantes, que lla entregaban a un depositario; éste tiña como misión gardar a recadación da esmola logo de empregar unha parte nos gastos da festividade relixiosa e profana; e no aceite da lámpada do altar central. **“1827. Tomás López y Andrés Arias, petitorios (demandantes) del Santo Cristo, entregan a Josef Paz, depositario, 590 rs. vellón, limosna de la dominica de 1827”⁴⁵.** A partir do ano 1873 encetouse a vender dende a propia organización do recinto sacro “hábitos ou mortallas”; isto deu lugar a que o caudal de esmola, que acadaba o santuario, fose aumentando. **“1902. 8 ptas. De hábitos, de percalina morada y de colores, que se venden para mortajas de gente muy**

³⁹ Cofradía, *Ob. cit.*, pág. 91.

⁴⁰ Cofradía, pág. 92.

⁴¹ Cofradía, pág. 95.

⁴² Confraría, pág. 60.

⁴³ Confraría, pág. 86.

⁴⁴ Confraría, pág. 99.

⁴⁵ Confraría, pág. 57.

pobre y para párvulos⁴⁶. En relación á festividade relixiosa a esmola utilizouse nos oficios relixiosos da primeira dominica de setembro, nos que participaban un número variable de cregos⁴⁷; tamén na novena do Santo Cristo. Así mesmo, a partir do ano 1956 empezouse a pagar a misa solemne do lúns. Con respecto á festividade profana, a esmola usouse ao principio na compra dos foguetes; e, logo, tamén nas bandas e grupos musicais. **“1893. De pirotecnia, según costumbre, 300 rs, es decir, 75 ptas. De banda de música, 160 rs, 40 ptas”**⁴⁸. **“1926. Banda de música y fuegos artificiales, 200 ptas”**⁴⁹; a finais da década dos setenta e principios da dos oitenta do século pasado, o párroco concedeu-lle anualmente á comisión de festas, 6000 ptas. O resto da esmola, que recibiu o depositario, ou os demandantes da mesma, foi empregada polo párroco da freguesía coa conformidade dos veciños da parroquia. Así, usouna para mercar vestimenta e obxectos de índole relixiosa, relacionados co culto existente no santuario; e, tamén, en arranxos e obras de carácter interno e externo ao templo.

1. OBXECTOS RELIXIOSOS LIGADOS CO CULTO⁵⁰.

- 1.1. 1819. Un Cristo para o altar: 26 rs.
- 1.2. 1824. Un crucifixo para o altar: 24 rs.
- 1.3. 1839. Unha arca para a esmola en especie.
- 1.4. 1857. Unha imaxe do San Xohán; un crucifixo para a mesa do altar; as peñas das imaxe; e as grades onde se colocan os candeiros: 140 rs.
- 1.5. 1862. O retábulo maior, construído por Jerónimo López de San Pedro de Cerceda: 3000 rs.
- 1.6. 1868. O mestre Fernández de San Pedro de Ribasaltas (Monforte) pintou o retábulo maior: 2600 rs.
- 1.7. 1914. Aportación dunha esmola de 50 ptas., para axudar a pagar a campá grande, que por suscripción adquiriron os fregueses.
- 1.8. 1915. Unhas pequenas lampadas para o camarín do Santo Cristo: 24 ptas.
- 1.9. 1917. Un púlpito, construído nos talleres de Daniel de Sarria: 200 ptas. Unhas andas realizadas no mesmo taller: 15 ptas.

⁴⁶ Confraría, páx. 115.

⁴⁷ Algúns exemplos. Nos anos 1878 e 1893: 6 cregos. No ano 1915, 9 cregos. No ano 1983, 13 cregos. No ano 1984, 11 cregos.

⁴⁸ Confraría, páx. 99.

⁴⁹ Confraría, páx. 149.

⁵⁰ Reflicto algúns dos obxectos que se mercaron nos séculos XIX e XX, e que dende a miña óptica considero como os máis relevantes.

- 1.10. 1918. Adquisición de dous confesionarios, de estilo gótico, construídos nos talleres de Daniel de Sarria: 140 ptas.
- 1.11. 1919. Unha imaxe do San Xosé, obtida dos talleres do “Arte Cristiano” por suscripción dos fregueses da comunidade.
- 1.12. 1921. Un par de candelabros para o altar maior: 25 ptas.
- 1.13. 1923. Unha pía de mármore para a auga bendita: 40 ptas.
- 1.14. 1926. Uns petos de esmola: 89,40 ptas. Construcción dunha cómoda para as roupas e outros materiais: 150 ptas.
- 1.15. 1927. Un particular concedeu 150 ptas., para mercar unha imaxe da Dolorosa.
- 1.16. 1929. Restauración e pintura nos talleres de Carballido de Santiago dunha imaxe de San Xoán Evangelista, para colocar no camarín do Santo Cristo: 160 ptas.
- 1.17. 1932. Planchado e lavado das roupas do Santuario, algo moi habitual todos os anos: 10 ptas.
- 1.18. 1937. Doce candeas metálicas para o altar maior: 36,40 ptas. Dous cadros do Perpetuo Socorro e Santa Lucía para un dos altares laterais do Santuario: 43, 50 ptas. Unha aportación de 185 ptas á suscripción aberta no Santuario para acadar un armonio, que se mercou na fábrica de Xoán Cotrina de Vitoria: 480,50 ptas.
- 1.19. 1938. Na reconstrucción de seis bancos reclinatorios: 138 ptas. A madeira dos mesmos foi pagada por varios fregueses.
- 1.20. Unha imaxe do Neno Xesús para o culto nesta igrexa: 42 ptas.

2. ARRANXOS E OBRAS DO EXTERIOR E INTERIOR DO SANTUARIO⁵¹.

- 2.1. 1827. D. Francisco Antonio Fernández, párroco da freguesía de San Miguel de Goián, outorgou por idoneidade a obra da capela do Santo Cristo a Domingo Arca, que cobrou 10.344 rs. e 45 mrs. Esta cantidade foi aportada do seguinte xeito: 5548 rs. da esmola do Santo Cristo; 1862 rs. da fábrica e confraría do Santísimo. O resto foi abonado coa esmola dos seguintes anos, quedando a débeda satisfeita no ano 1832.
- 2.2. 1834. O mesmo párroco, segundo acordo veciñal, investiu 917 rs, que o depositario tiña de esmola no seu poder, nas paredes do adro; en derruir unha gran porción de penas contiguas á igrexa; en arrincar pedra para a sancristía; nas ferramentas utilizadas; e, tamén, nos respectivos xornais dos canteiros.

⁵¹ Expreso as reformas e obras máis relevantes.

- 2.3. 1835. Realizaronse obras no adro e na sancristía por un importe de 3538 rs., máis 1700 rs., importe da cantería e mampostería. Foise pagando coa esmola deste ano máis a dos dous anos seguintes.
- 2.4. 1840. Tribuna, que se construiu na capela do Santo Cristo: 400 rs. Vidriera na sancristía: 30 rs.
- 2.5. 1847. O párroco susodito mandou ampliar a obra da igrexa, realizando un arco e o coro da capela do Santo Cristo, ao que lle engadiu a sancristía baldosada de madeira, o seu piso, e o faiado.
- 2.6. 1854. O enreixado e as paredes do adro: 646 rs.
- 2.7. 1920. Construcción dun par de columnas e unha escalinata de cantería para a entrada ao adro desta igrexa; tamén, a reconstrucción de parte do muro, que circunda ao mesmo: 897 ptas y 90 cts. As dúas portas de ferro, colocadas á entrada do adro: 333 ptas.
- 2.8. 1923. Mao de obra do pórtico, que se colocou na porta principal da igrexa, construído nos talleres de Daniel Vesada, de Sarria.
- 2.9. 1925. O carpinteiro desta parroquia, Enrique López, renovou o piso da sancristía. Polos materiais e xornais investidos: 75,50 ptas.
- 2.10. 1936. Polo encintado da fachada do Santuario e outros arranxos no teito para evitar as augas, utilizáronse seis bolsas de cemento, doce tellas, e a dous albaneles. Custo: 97 ptas e 10 cts.
- 2.11. 1942. Construcción de 37 metros cadrados de muro fronte á fachada da igrexa e outros arranxos, levados a cabo no resto das paredes do adro: 823,35 ptas.
- 2.12. 1943. O Santuario aportou 450 ptas., para a construcción dun cruceiro. Éste colocouse coa axuda dos fregueses no novo camiño, que ía ser no sucesivo o itinerario da procesión.
- 2.13. 1945. Segundo o Libro de Fábrica deste ano, nas obras extraordinarias de ampliación e reconstrucción da igrexa investiuse 8.898,50 ptas.
- 2.14. 1946. Na construcción da nova sancristía en ábsida, con planta alta e dous arcos máis para a ampliación do templo, investíronse 16.633, 95 ptas., de subvencións outorgadas polo Estado.
- 2.15. 1947. Construcción dun novo arco abovedado da nave dereita do Santuario; da nova tribuna; das escaleiras; dos materiais de cal, cemento, e madeiras; e do transporte dende Sarria.

2.16. 1956. Obra de ampliación do adro polo seu flanco Leste, consistente na compra do terreo e na construción dun resistente muro de contención: 26.019, 05 ptas. Costeouse a obra mediante axudas do Estado; da aportación do párroco; e da esmola do Santo Cristo.

2.17. 1958. Colocación de tres remates de granito na torre do Santuario: 1.084 ptas.

2.18. 1960. Tres obras na igrexa. Embovedado da nave principal do templo. Refundición da campá grande cun aumento de 59 kilos de metal. Colocación dunha tapa metálica na torre para sacar as augas. Custo total: 24.365,60 ptas, que se foi sufragando de subvencións do Estado; e de aportacións do párroco e dos fregueses.

2.19. 1962. Faise unha restauración no Santuario, que vai a afectar ao pavimento; á cantería e á madeira; ás escalinatas aos altares; ás portas da fachada; ás dependencias da sancristía; e a electrificación das dúas naves. O custo da obra sufragouse mediante unha subvención de 75.000 ptas., concedida pola Dirección Xeral do Tesouro e Clases Pasivas.

Ao rematar o ano 1984 as contas do Santuario do Santo Cristo de Goián pasanse ao Libro de Fábrica das igrexas de Goián e Vilapedre, non quedando nin remanente nin déficit.

V. A FESTIVIDADE E A PROCEDENCIA DOS DEVOTOS.

O primeiro domingo e luns de setembro conmemórase a festividade do Santo Cristo. O primeiro día –o domingo– o domingo adoitan acudir centos de devotos dos concellos de Friol, Láncara, Lugo, O Corgo, O Páramo, Paradela, Portomarín, Samos, Sarria... Pola contra, o luns máis ben é de índole local.

Antano, os devotos soían vir andando dende o seu lugar de orixe; tamén en tren ata á Pobra de San Xiao, e dende alí andando ata o recinto sacro. ***“No ano 1914, os trens mixtos ascendentes e descendentes chegaron ateigados de xente á Pobra de San Xiao, dende onde os romeiros seguiron a pé ata Goián”***⁵². Un bo número deles aínda soen acudir andando dende o seu lugar de orixe. Non embargantes, a maioría adoitan vir en autobuses e coches particulares. Noutroora, os romeiros, que acudían de ofrenda tiñan por costume dormir naquelas estancias e lugares, que lles podían proporcionar os lugaresños de Goián. ***“Aquí non había onde durmir. Ciscábase palla nas cociñas, nos***

⁵² Datos aportados polo ex-cronista de Sarria, Xaime López Arias, da publicación “Sarria” dese ano.

*corredores e incluso nas cortes para o descanso dos romeiros, que viñan de Lugo, Portomarín. Paradela etc*⁵³. Na actualidade, os devotos e fieis retornan aos seus puntos de orixe, logo de realizar os rituais e ofrendas establecidos entre estes e a imaxe sagrada.

VI. AS ROGATIVAS E AS PROMESAS

*“O Santo Cristo –dicía o Sr. Castro– é avogoso para todo. Así, o Farruco de Outeiro, de volta do veterinario cunha vaca, que tiña unha mazá atragantada na gorxa sen remedio posible, en chegando á igrexa dixo: “ Que o Santo Cristo de Goián me vaia” e, no intre, a vaca tусiu con forza e golsou a mazá”*⁵⁴. Non embargantes, os devotos adoitan vir na actualidade por doenzas humanas; por problemas da facenda familiar; e por outros problemas, que perturban o espírito da persoa. Ademais, ás veces tamén acoden ofrecidos por outras persoas, que non poden acudir por causas de índole físico preferentemente; ou tamén aproveitan a ocasión para realizar unha ofrenda por algúns familiares e amigos.

No que atinxe a promesa esta pode consistir nun contacto directo e sagrado de forza moral entre a persoa e Deus por medio de advocacións cristolóxicas, marianas e de santos. *«Para chegar con máis seguridade a ese Deus, non sempre persoal, o galego bota man dos santos e da Virxe...»*²¹. Sen embargo, o santo non sempre é un intermediario ante Deus, como o define a igrexa, senón que ten un poder inherente ao seu ser. *« O Santo pode ser un ente con poder que lle son propios»*²².

Neste santuario cómpre facer alusión a tres arquetipos de interacción entre os devotos e a advocación cristolóxica: así, o máis habitual é que a promesa sexa « a posteriori», é dicir, a entidade sacra outorga a petición ao devoto e, logo, éste realiza a promesa. Esta modalidade recibe tamén o nome de «ofrenda condicionada»⁵⁵. Sen embargo, hai devotos que levan a cabo unha serie de rituais e ofrendas no intre de pregar a mediación da divindade ante un problema determinado; trátase dun cumprimento «a priori», xa que os diferentes rituais e ofrendas teñen lugar denantes de que sexa concedida a petición. Esta forma de relación recibe o nome de «devoción

⁵³ RODRÍGUEZ LÓPEZ, Manuel.: *Viaxes con Anxel Fole*, en www.manuelrodriguezlopez.org, pág. 58.

⁵⁴ RODRÍGUEZ LÓPEZ, Manuel.: *Ob. cit.*, pág. 58.

⁵⁵ GONDAR PORTASANY, Marcial.: *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros*. Vigo: A Nosa Terra, 1993, pág. 153.

peticionaria»⁵⁶. Finalmente, outro modo de interacción dos devotos coa entidade sacra e acudir todos os anos en gratitude ao don concedido antano. Sería, polo tanto, unha ofrenda de acción de gracias.

As promesas máis usuais, que se realizan neste santuario, están ligadas ao cumprimento de diferentes rituais e ofrendas. Os devotos levan a cabo unha serie de rituais, xa que están convencidos da súa eficacia e de que é posible relacionar a súa acción a un sentido valioso para a súa vida persoal. Os diferentes rituais teñen un carácter colectivo ou individual, segundo o grao de participación dos devotos. Tamén poden pertencer a unha liturxia de carácter oficialista ou popular.

1. RITUAIS COLECTIVOS PROPIOS DUNHA LITURXIA OFICIALISTA.

1.1. O NOVENARIO.

Segundo a tradición, séguese celebrando un novenario os oito días festivos denantes da festividade do Santo Cristo, rematando o sábado anterior á conmemoración. Lévese a cabo os domingos e días festivos ao mediodía , e o sábado anterior á festividade as sete e media da tarde. *“Año de 1903. Quince ptas, que se dieron de limosna al Sr. Sacerdote, que predicó en la novena, que de antiguo se viene haciendo durante los ochos días festivos, esto es, dominicas y fiestas de guardar, que preceden a esta festividad, siendo el último día de dicha novena la víspera de dicha festividad al anochecer”*⁵⁷. O novenario consta dos seguintes actos:

- Unha misa, que o pregador oficia os domingos e días festivos ao mediodía.
- Unha oración introductoria do acto, que é común para todos os días.
- Unha oración específica para cada día, recollida dun paso do Vía crucis.
- Rezo dun Painoso e intencións dos devotos asistentes.
- Como remate, unha oración ao Santo Cristo, que é común para todos os días.

Os pregadores do novenario eran e son elixidos polo párroco da freguesía, sempre e cando non exerza él como oficiante. Antano interviron pregadores, pertencentes a diferentes Ordes. Así, no ano 1915, foi pregador o ***Pai Serratosa***, mercedario do

⁵⁶ WILLIAM CRISTHIAN, A. Jr. : *Religiosidad popular . Estudio antropológico en un valle español*. Madrid: Tecnos, 1978, páx. 134.

⁵⁷ Confraría. *Ob. cit.*, páx. 117.

convento de Sarria. No ano 1929, o pregador resultou ser o **Pai Estevo**, franciscano de Lugo. No ano 1938, **Pedro Damián**, monxe da Orde de San Bieito⁵⁸.

A celebración deste ritual amosa algunhas peculiaridades que é mester salientar: participa nel un número importante de fieis, superior ao que asiste habitualmente aos normais cultos parroquiais; a razón deste feito radica en que ao ser unha festividade, que se conmemora unha vez ao ano, desperta interese a solemnidade con que se realizan os seus actos. Así mesmo desperta sentimentos, lembranzas e vivencias relixiosas moi arraigadas. Tamén, constitúe unha oportunidade para revitalizar o culto⁵⁹.

1.2. AS MISAS.

Na actualidade, o primeiro domingo de setembro, festividade do Santo Cristo, oficianse misas rezadas dende as 8,30 horas da mañá ata as 13 horas da tarde, que é o momento no que se concelebra unha misa solemne; ésta é presidida polo Vicario da diócese, ao que acompaña o párroco da freguesía. Pola tarde, o párroco oficia unha misa as 18 horas. O lúns, día considerado como local debido a asistencia preferente dos membros da freguesía, ofíciase unha misa rezada ao mediodía e as 13 horas, concelébrase unha misa solemne. Antano as misas iniciábanse máis cedo. **“Así, no ano 1929, a primeira misa oficiouse ás 5 da mañá e, logo, cada media hora ata as 11, que foi cando se concelebrou a misa solemne. No ano 1936, oficiáronse misas rezadas as 5, 8, 9, 10, 11, e as 12 concelebrouse a misa solemne”**⁶⁰. Na actualidade, debido a falta de cregos e a que moitos dos que fican teñen xa certa idade, resulta difícil encontrar algún axeitado para officiar misa. Isto motiva que todo a tarefa recaia no párroco.

1.3. RITUAL PROCESIONAL.

Logo da misa solemne das 13 horas sae a procesión e vai ata un cruceiro, distante uns 150 metros, circundandoo e retornando ao santuario, onde percorre o seu perímetro dúas veces. Nela participan unha serie de elementos:

- Unha cruz parroquial, portada por un fregués da parroquia.
- Un estandarte do Santo Cristo, levado por un devoto da freguesía.

⁵⁸ Datos proporcionados polo ex-cronista de Sarria, Xaime López Arias, da publicación “Sarria” deses anos.

⁵⁹ ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo.: *La Religiosidad Popular*, Madrid: B.A.C, 1981, páx. 7.

⁶⁰ Datos proporcionado polo ex-cronista de Sarria, Xaime López Arias, do xornal “Sarria”, dos anos 1929 e 1936.

- As advocacións marianas da Inmaculada e das Dores, portadas nas andas por catro mulleres da freguesía.
- As imaxes do San Miguel e dun pequeno Santo Cristo, levadas nas andas por catro homes da freguesía.
- A imaxe do Santo Cristo, portada por catro fieis da comunidade parroquial, que levan nos seus ombros unha capa mourada, símbolo do Nazareno.
- Os cregos concelebrantes e un grupo de gaiteiros, que van amenizando o acto relixioso
- Finalmente, os devotos dispostos sen ningunha orde; éstos adoitan estar tamén nun dos flancos do camiño polo que transcorre a procesión.

Un dos obxectivos básicos da procesión é que a imaxe de devoción saía temporalmente do seu espazo sagrado para renovar e potenciar a súa acción protectora e purificadora de cara ao exterior. Deste xeito a imaxe acada a plenitude da súa funcionalidade.

2. RITUAIS INDIVIDUAIS PROPIOS DUNHA LITURXIA POPULAR.

2.1. RITUAIS DE CONTACTO.

2.1.1. Ritual de contacto activo coa imaxe estática.

No flanco dereito do Santuario está situada a “Capela do Santo Cristo”. Bastantes devotos tocan coas súas mans e panos a imaxe do Cristo e, logo, pasanos por algunhas partes dos seus corpos cunha finalidade profiláctica e sandadora.

2.1.2. Ritual de “Autoimposición”.

Hai devotos, que collen unha imaxe pequena do Cristo, situada enriba do altar central; bícana unha e máis veces e, posteriormente, deixan unha esmola nun petitorio, colocado ao seu carón.

2.1.3. Ritual de “poñer o santo”.

O párroco ou un dos cregos asistentes aos diferentes oficios relixiosos dan a bicar unha imaxe pequena do Santo Cristo a aqueles devotos, que o requiren. Hai anos, os poñentes dicían a seguinte xaculatoria:

“Santo Cristo bendito, te bendiga y te proteja hasta la muerte. Amén”.

“Rituais de contacto como “poñer o santo”...ou de tocar obxectos na imaxe para levalos á casa como portadores de graza ou poder do santuario, poden ser clasificados como formas de “maxia contaminante”, inspirada pola “lei de contacto”, que se

basea no principio de que un obxecto posto en contacto con outro adquire as virtudes deste⁶¹.

2.2. RITUAL DE CIRCUNVALACIÓN.

Hai anos, os devotos mercaban candeas á entrada do recinto sacro e daban unha ou máis voltas con elas arredor do mesmo de pé case sempre. Na actualidade este ritual non é habitual e só algún que outro romeiro/a o realiza.

2.3. RITUAL DA FONTE.

Algúns devotos beben a auga da fonte e, tamén, levan o prezado líquido en botellas para as súas casas. Así mesmo, hainos que lavan a súa cara e os seus ollos. A función destes actos é de carácter profiláctico e sandador.

3. OFRENDAS.

3.1. AS MISAS.

En ámbos os dous días os devotos ofrecen unhas 130 misas, que o párroco irá oficiando no transcurso do ano. O prezo de cada misa é de 10 euros.

3.2. A ESMOLA EN METÁLICO.

Os fieis e devotos levan a cabo esta ofrenda ao rematar algúns dos rituais de contacto, xa analizados. Tamén no transcurso dalgunhas das misas, que se ofician no templo. Así mesmo, hai devotos, que deixan unha esmola nun peto no intre de coller unha das estampas do Santo Cristo; éstas encontráanse enriba dunha mesa, situada preto do santuario.

3.3. OS VELÓNS (*Cirios pequenos*).

Trátase dunha ofrenda moi usual en bastantes santuarios. Neste, os romeiros adoitan ofrecer “velóns” de cor vermello, que deixan acesos ao carón do Xesús Nazareno; tamén soen colocalas enriba do altar central, presidido polo Cristo na cruz. O seu prezo é dun euro.

O cumprimento das promesas non so se realizan os días da festividade no santuario, senón que en calquera domingo do ano acoden fieis e devotos doutras comunidades parroquiais para pregar ao Santo Cristo a súa intercesión ante unha serie de peticións.

Denantes de retornar aos seus lugares de orixe, algúns devotos levan algún recordo do santuario. Así, adoitan mercar algún obxecto relixioso, como unha pequena imaxe do

⁶¹ GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel.: “A Mesta Fraga das Festas de Galicia”, en ***Tempos de Festa en Galicia. Entre os Reis e o mes de Maio***. T.I. Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2006, pág.29.

Santo Cristo; unha capeliña; un rosario; unha estampa... Hainos que mercan unha tira de rosquillas dun posto, situado ao carón do recinto sacro; o seu prezo era de 3 euros nos anos 2014 e 2015. Finalmente, un pequeno grupo, asistente á misa solemne e a procesión, - no que incluimos aos invitados dos parroquianos- participan dun tempo de lecer, que ten lugar nun campo, ubicado preto do santuario. Alí, xa o sábado pola noite, realízase unha churrascada e pancetada; e, logo, case sempre un dúo musical ameniza o resto da noite. Nos días seguintes, domingo e lúns, un grupo musical e dúas orquestras seguen amenizando as sesións vermut e as verbenas, nas que se reflicte a mestura do grupo parroquial co foráneo. Non embargantes na actualidade, cando hai algunha festa na comunidade parroquial, algúns dos poucos mozos, que fican na mesma, adoitan non participar nas verbenas. O motivo é debido á implantación de novas pautas de lecer pola bisbarra.

A festa profana, ligada ao Santo Cristo, realízase co diñeiro, que lle dan á parroquia de Goián pola instalación dalgúns muíños eólicos no seu monte; tamén, da lotería que os ramistas venden no Nadal; da venda de rifas, destinadas ao sorteo dalgúns animais domésticos: cordeiros, cabritos...; así mesmo cómpre sinalar a contribución de varios donativos para este fin.

VII. FEITOS TRANSCENDENTAIS DO SANTUARIO.

1º. A principios do século XIX, con motivo da guerra da Independencia, os franceses profanaron este santuario, tentando arrincar a imaxe do Santo Cristo do seu camarín. Por tal motivo, usaron unha forte panca de ferro mais non puideron acadar o seu pérfido propósito. Como proba do feito acaecido, a devandita panca estivo colocada durante un bo número de anos entre a cruz e a imaxe.

2º. No ano 1826, D. Antonio de Castro, natural de Goián, enviou misivas e solicitudes a todos os señores arcebispos e bispos de España en sinal de gratitude ás axudas acadadas do Santo Cristo. A súa intención era conseguir gracias espirituais para todos os devotos, que visitasen a devandita imaxe. O intento non resultou en vano, xa que todos os responsables das diferentes archidióceses e dióceses concederon as indulxencias da súa xurisdicción, sempre e cando se realizasen algunhas obras de piedade e mortificación, ou se rezasen varias oracións diante do Santo Cristo⁶².

⁶² RIVAS BANDE, José Manuel.: *Ob. cit.*,

3º. D. Diego Castro, natural de Madrid e descendente do anterior persoeiro, en agradecemento por sandar dun caso de hidrofobia –doenza incurable para a menciña daquela época– doou un inestimable vestido, que cobre na actualidade a imaxe do Santo Cristo. Ademais tamén regalou unha fermosa lámpada, que brilla dun xeito constante diante do seu altar⁶³.

VIII. POEMAS DE EDMUNDO DE LIZ SOBRE O SANTO CRISTO DE GOIÁN.

Santo Cristo de Goián,
consuelo del desgraciado,
a Ti me ofrecí enfermo
y Tú me volviste sano.

De rodillas me postré
y recorrí tu sagrado,
como a mi, también a otros,
por la fe los has salvado.

En tu amoroso recinto
en la cruz yaces clavado,
albergue de los afligidos,
de sordos, ciegos y mancos.

Al que viene a visitarte
falto de esperanza y salud
y de veras a Ti implora
le concedes la virtud.

Adiós bondadoso Cristo
que vivo para adorarte,
y nunca pienso dejar
de venir a visitarte.

⁶³. BLANCO PRADO, J. Manuel.: *Ob. cit.*, páx.

Único vergel de amor
consuelo del moribundo,
que espiraste en la cruz
para redimir al mundo.

Por eso a Ti te quieren
y por eso te veneran
y de rodillas se postran
y silenciosos te rezan.

A cual más y por porfía,
te quieren y te regalan,
adios Cristo de Goián,
ten piedad de los que te aman.

EDMUNDO DE LOZ. Goián, 1/10/1967.

IX. CONSIDERACIÓNS FINAIS. CLAVES DE INTERPRETACIÓN.

A devoción ao Cristo de Goián, a súa vitalidade segue sendo moi importante, recibindo nos nosos postmodernos tempos a centos de persoas cada ano. Indubidablemente a área de influencia do santuario en canto a súa operatividade reflíctese nos portentos, que se lle atribúen á entidade sacra que nel se venera. Sen prodixios non hai posibilidade de crear devoción, xa que, segundo **Rodríguez Becerra**, os feitos milagrosos son a manifestación do poder da imaxe, á que acoden todos os necesitados na procura da solución de doenzas ou de problemas de índole familiar e social⁶⁴. O milagre pode chegar a ser a concreción positiva dun acto de fe polo que se vincula o beneficiario dunha gracia cunha imaxe de devoción. De aí, que os romeiros teñan coa entidade sacra un importante código comunicativo, baseado na palabra e en certas actitudes somáticas, encamiñadas a acadar a súa protección e indulxencia así como o agradecemento por un favor outorgado. Esta comunicación queda reflectida nunha serie de promesas. Algunhas de carácter oficialista, como, oír misa e participar na

⁶⁴ BECERRA RODRÍGUEZ, S. (1992): «De ermita a santuario: reflexiones a partir de algunos casos de Andalucía». En: **Romaría e Peregrinacións**. Actas do Simposio de Antropología. Consello da Cultura Galega. Santiago.

procesión. Outras, pola contra, de raíz popular, como, calquera ritual de contacto coa Virxe ou os rituais que se levan a cabo na fonte ligada ao santuario.

Non embargantes, hai romeiros que denantes de entrar en contacto coa advocación cristolóxica se purifican realizando actos penitencias propiciadores da graza divina. Así, neste santuario, manifestanse signos ligados coa penitencia, como vir caminando dende o lugar de orixe dos devotos. Camiñar é a forma máis sinxela de purificación e mortificación corporal. O carácter penitencial da romaxe está ligado ao esforzo, que debe realizar o ofrecido para chegar á meta romeira, acumulando así méritos que propician ao ente sacro.

Por outra banda, a dimensión sacra transmítese ao exterior dun xeito directo por medio da procesión. Así, a imaxe de devoción, que sae na mesma, santifica o espacio que percorre; e ademais proporciona unha enerxía positiva a todos os seres, que se encontran no mesmo. Respecto á disposición da procesión **Álvarez Gastón** distingue unha serie de trazos⁶⁵: trátase de manifestacións máis multitudinarias non só polos participantes activos senón tamén polos numerosos espectadores. No interior da comunidade local é algo que chega vitalmente aos fregueses. Ademais neste ritual é mester reparar nas imaxes, no xeito de levalas, no pobo que toma parte e no que mira, así como no espírito da celebración reflectido en cantos, rezos, e mesmo no silencio.

Finalmente, os oficios relixiosos do santuario complementáanse cunha dimensión profana, que presenta un elemento de cohesión e comunicación do grupo social; tamén, constitue un xeito de liberación da sensibilidade, xa que é o momento no se que se tolera a ruptura das normas e regras que presionan e reprimen a conducta dos membros dunha comunidade. O baile, o canto e maila música, desencadenan emocións; a bebida e a comida facilitan a comunicación. Estes trazos lévanos a apreciar como en toda festa hai un tránsito do cotía a situacións onde poden ter lugar a espontaneidade, a diversión e o relaxamento dos costumes.

X. SUXESTIÓNS BIBLIOGRÁFICAS.

ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo.: *La Religiosidad Popular*, Madrid: B.A.C, 1981.

AMOR MEILÁN, Manuel.: “Provincia de Lugo”, *en la Geografía General del reino de Galicia*. Dirixida por F. Carreras y Candi. Editorial Alberto Martín. Barcelona

⁶⁵ ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo.: Ob. cit., 1981, páx. 8.

ARREGUI, Gurutze e MANTEROLA, Ander.: “Religiosidad popular”, en Aguirre, Ángel (dir.). **Diccionario temático de Antropología**. Barcelona: Boixaneu, 1993.

BECERRA RODRÍGUEZ, S. «De ermita a santuario: reflexiones a partir de algunos casos de Andalucía». En: Romaría e Peregrinacións. Actas do Simposio de Antropología. Consello da Cultura Galega. Santiago, 1992.

BLANCO PRADO, José Manuel.: **Religiosidad popular en el Municipio de Begonte**, Begonte (Lugo): Servicio de Publicaciones Diputación provincial, 1991.

BLANCO PRADO, José Manuel.: **Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses**, Lugo: Deputación Provincial, 1996.

CASTÓN BOYER, Pedro.: “La religiosidad tradicional en Andalucía. Una aproximación sociológica”, en CASTÓN BOYER y otros, **La religión en Andalucía. Aproximación a la religiosidad popular**. Sevilla: Edt. Andaluzes Unidos, 1985

CEBRIÁN FRANCO, Juan José.: **Santuarios de Galicia** (Diócesis de Santiago de Compostela), Santiago, 1982.

DELGADO, Jaime.: **Santuario del Santo Cristo de Goián (Sarria) (Lugo)**, Vigo: Fama. Folleto.

DE SAÁ BRAVO, Hipólito.: **Creencias del Costumbrismo Religioso en Galicia**, Pontevedra: Deputación Provincial, 1991.

DÍAZ TEJEIRO, José. (1971): **Recuerdo del Santuario de Nuestra Señora de los Milagros de Saavedra (Lugo)**, Santiago: El Eco Franciscano, 1971.

ELIADE, Mircea. **Imágenes y Símbolos**, Madrid: Ed. Taurus, 1979.

ESCALERA REYES, Javier.: “Hermandades, religión popular y poder en Andalucía”, en **La religiosidad popular. III. Hermandades, romerías y santuarios**, C. Álvarez Santaló, María Xesús uxo, y S. Rodríguez Becerra (coords.), Anthropos, Barcelona, 1989.

FIGUEROA PAZ, Antonio V.: Experto en Sistemas de Información Xeográfica (SIX). **Autor do mapa de localización dos santuarios do municipio de Sarria**.

FRAGUAS, Antonio (1988): **Romarías e Santuarios**, Vigo: Galaxia. Biblioteca Básica de Cultura Galega, 1988.

GALLEGO, Andrés.: “Práctica religiosa y mentalidad popular en la España Contemporánea”, en **Hispania Sacra**, 46, 1994.

GONDAR PORTASANY, Marcial.: **Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros**, Vigo: A Nosa Terra, 1993.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M: **Guía de festas populares de Galicia**, Vigo: Galaxia, 1997.

GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel.: “A Mesta Fraga das Festas de Galicia”, en **Tempos de Festa en Galicia. Entre os Reis e o mes de Maio**. T.I. Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2006.

LÓPEZ ARIAS, Xaime.: Datos proporcionados do xornal “Sarria”. Anos: 1929, 1936, 1945

LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín: «Paganismo e cristianismo na relixiosidade popular», en **Rev. Encrucillada** , nº 9. Ed. Sept, Vigo, 1978.

MALDONADO, Luís.: “Dimensiones y tipos de la religiosidad popular”, en **Concilium (Rev. Internacional de Teología)**, 206, 1986, páxs.9-18.

MALDONADO, Luís.: “Para comprender el catolicismo popular”, en **Cofradías y Hermandades**. Ed. Verbo Divino, Estella (Navarra), 1990.

MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: **Las Romerías / Peregrinaciones y sus símbolos**, Vigo: Ed. Xerais, 1987.

MARIÑO FERRO, X.R. **Santuarios mágicos de Galicia**, Vigo: Ed. NigraTrea, 2003.

MOREIRAS SANTISO, Xosé: « A relixiosidade popular no sector rural», en **Rev. Encrucillada**, nº 9. Ed. Sept, Vigo, 1978.

MUÑOZ FERNÁNDEZ, Ángela: « El milagro como testimonio histórico. Propuesta de una metodología para el estudio de la religiosidad popular», en **La Religiosidad Popular. T. I. Antropología e Historia**, Anthropos, Barcelona, 1989.

PITT RIVERS, Julián.: “L’identité locale vue á travers la fiesta”, en **Coloquio Hispano-Francés. Culturas Populares. Diferencia. Divergencias. Conflictos**. Universidad Complutense. Madrid, 1986.

PRAT I CAROS (1989): «Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía», en **La Religiosidad Popular. T. III. Hermandades, Romerías, Santuarios**, Anthropos, Barcelona, 1989.

RIVAS BANDE, José Manuel.: “O Cristo de Goián”, en www.santocristodegoian.com

RODRÍGUEZ LÓPEZ, Manuel.: **Viaxes con Anxel Fole**, en www.manuelrodriguezlopez.org.

TABOADA CHIVITE, Xesús (1972): **Etnografía Galega**. Cultura Espiritual, Vigo: Galaxia.

VALIÑA SAMPEDRO, Elías.: **Inventario Artístico de Lugo y su provincia**. T. III. Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes, Archivos y Bibliotecas, Madrid, 1980.

VILLARABID, Víctor.: “O Santo Cristo de Goián”, no Diario **“El Progreso”**, de 25-8-1983.

VOVELLE, Michel.: “La religión popular”, en *Ideologías y mentalidades*. Barcelona: Ariel, 1985.

WILLIAM CRISTHIAN, A. Jr.: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*. Madrid: Tecnos, 1978.

WILLIAM CHRISTIAN, A. Jr.: *Religiosidad local en la España de Felipe II*, Madrid: Nerea, 1991.

XI. COLOCACIÓN DAS DISTINTAS FOTOS NO TRABALLO.



Foto 1. Vista exterior do Santuario de Goián.
Colocación: páxina 1.



Foto 2. Altar central do recinto sacro.
Colocación: páxina 3.



Foto 3. Capitel de estilo románico.
Colocación: páxina 5.



Foto nº 4. A capela do Santo Cristo con ofrenda de velóns
Colocación: páxina 6.





Foto nº 5. Confraría do Santo Cristo. Fundación
Colocación: páxina 7.



Foto nº 6. Estandarte do Santo Cristo.
Colocación: páxina 8.



**Foto nº 7. Confraria do Santo Cristo. Aportaciones
e gastos.**
Colocación: página 9.



Foto nº 8. Advocación cristológica no altar central.
Colocación: página 10.




Foto nº 9. Confraría do Santo Cristo. Aportacións e gastos.

Colocación: páxina 11.



Foto nº 10. Programa de festas. Ano 2015.

Colocación: páxina 13.



Foto nº 11. Crego oficiando unha misa.
Colocación: páxina 15.



Foto nº 12. A procesión circunda o cruceiro.
Colocación: páxina 16.



Foto nº 13. Ritual de “Autoimposición”.
Colocación: páxina 17.



Foto nº 14. Ritual de contacto activo coa advocación estática.
Colocación: páxina 17.



Foto nº 15. Ritual de “Poñer o Santo”.
Colocación: páxina 18.



Foto nº 16. Ritual da Fonte.
Colocación: páxina 18.



Foto nº 17. Devoto ofrecendo un velón.
Colocación: páxina 19.



Foto nº 18. Posto de rosquillas.
Colocación: páxina 20.



Foto nº 19. A procesión percorre o perímetro do santuario dúas veces.
Colocación: páxina 21.



Foto nº 20. Devotos ofrecendo misas e mercando obxectos relixiosos.
Colocación: páxina 21.



Foto nº 21. Algúns devotos recollen unha estampa do Santo Cristo e doan unha esmola.
Colocación: páxina 22.

ESTIPENDIOS - MISAS	10 €
ROSARIOS	6 €
NOVENAS	4 €
PULSERAS	3 €
CRUCIFIXOS	3 €
VELONES	1 €

Foto nº 22. Prezo dalgunhas ofrendas e obxectos relixiosos.
Colocación: páxina 22.

